

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 22 DE XULLO DE 2014.

Asistentes:**Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Ana María Abad López

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas e trinta minutos do día vintedous de xullo de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 16 de xuño de 2014.

Por Secretaría dáse conta do erro de transcripción no punto b.3) donde debe figurar como DNI de Laura Vale Rodríguez o 33.997.194-C quedando do seguinte xeito:

B.3) SOLICITUDE DE D^a LAURA VALE RODRIGUEZ RELATIVO A ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN PLANTA BAIXA CON DESTINO A TENDA DE ZAPATOS EN AVDA. DIPUTACIÓN, 55 (XOVE).

Vista solicitude formulada por D^a Laura Vale Rodríguez con D.N.I n^o: 33.997.194-C con domicilio en c/ Tomás Mariño Pardo, 1 (27870 Xove), para realización de obras de acondicionamento de local en planta baixa en Avda. Diputación 55 (Xove) para tenda de zapatos.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *De acordo coa documentación que se acompaña, subscrita polo interesado, así como ao correspondente plano de localización coa situación do local, e da Normativa en vigor, (P.X.O.M do Concello de Xove aprobado ó 12-06-2012 e publicado no B.O.P de fecha 14-07-2012), na área en que se encrava a edificación, cuia habilitación interior se pretende levar a cabo, a mesma, atópase encravada, no solo urbán de Xove, dentro da área delimitada como: Edificación Residencial entre medianeras. Ordenanza 2.(O-2).*
- *Na memoria valorada do proxecto presentado, asinado polo arquitecto técnico Don Tomás Rodríguez Rapa, colegiado n^o 376, no seu apartado 1.2.3 Cumprimento das Condicións urbanísticas, xustifícase o cumprimento da Normativa para os arranxos que se pretenden levar a cabo e o posterior desenrolo da actividade prevista de tenda de zapatos.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1^o) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de habilitación, non supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais orixinais da edificación, nas condicións establecidas no proxecto presentado.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*

- *No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a:*
 - *Seguridade en caso de incendio (DB-SI)*
 - *Seguridade de utilización e accesibilidade.DB-SUA.*
 - *Salubridade. DB-HS.*
 - *Protección fronte a ruídos.DB-HR.*
 - *Cumprimento e xustificación do DB aforro de enerxía e aislamiento térmico. (DB-HE).*
- *En proxecto xustifícase o cumprimento das diferentes normativas afectas a este tipo de actividade.*
- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente licenza de apertura da actividade.*
- *Unha vez finalizadas as obras é en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, deberase proceder a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio publico en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos.*
- *De acordo cos apartados anteriores e a resultados do proxecto presentado, e tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela e edificación encravada na mesma .*

Infórmase favorablemente o proxecto presentado.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.708,15€.- € salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 74,16€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

Non formulándose ningunha outra reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 16 de xuño de 2014.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

C) CONTAS E FACTURAS.

C.1) INDEMNIZACIONES POR RAZÓN DE SERVICIO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó 2º TRIMESTRE DE 2014.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ó 2º trimestre de 2014, por importe de 724,91€.

C) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DE D^a ELEODORA LOPEZ VIDAL DE SEGREGACION DE FINCA SITA EN CERANZOS-XUANCES.

Dada conta do escrito presentado por D^a Eleodora López Vidal con D.N.I. n^o 33.818.947T e con domicilio en Ceranzos, 23 (27877 Xuances) no que solicita segregación de parcela en dúas partes, en Ceranzos-Xuances, segundo o deseño que se xunta coa solicitude con Ref. catastral:27025A015005260000JS .- Polígono 15.Parcela 526 e visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que :

1^o.- De acordo con la documentación que se aporta, y a partir del estudio de la misma, la parcela cuya segregación en dos partes se solicita, se encuentra enclavada de acuerdo con el vigente planeamiento urbanístico del Ayuntamiento de Xove, Plan Xeral de Ordenación Municipal,(aprobado definitivamente el 12 de junio de 2012, y publicado en el B.O.P de 14 de julio de 2012), se encuentran ubicadas dentro del área delimitada como Suelo de Núcleo Rural en Zona Tradicional y la mayor parte de la zona posterior de la parcela dentro del área delimitada como Suelo Rustico de Protección Agropecuaria..

2^o.-De acuerdo con la documentación aportada, y referida a la actual Normativa en vigor, y por las dimensiones de las dos parcelas resultantes, así como el frente de las mismas, superficie superior a los 600m² y frente mínimo superior a los 10,00 metros se puede realizar la segregación que se solicita al amparo de lo dispuesto en el artículo 286 del P.X.O.M en vigor. Se deberá tener en cuenta a efectos de edificabilidad de las parcelas resultantes que sólo se permite una vivienda por parcela.

3^o.-De acuerdo con la documentación gráfica correspondiente a los planos del informe presentado, las superficies de las parcelas quedaría del siguiente modo:

Parcela matriz: Parcela : 27025A015005260000JS

- *Superficie total: 23.022 M²*

Parcelas una vez reconfiguradas: (De acuerdo con las superficies de catastro).

- *Parcela matriz . Superficie: 19.522,00 m².*
- *Parcela segregada: En su totalidad en Suelo de núcleo rural tradicional. Superficie: 3.500,00 m².*

Se informa favorablemente la segregación y partición de la parcela que se solicita de acuerdo con lo expuesto en los apartados anteriores.

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1^o) Conceder a licenza de segregación e partición interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2^o) Dar traslado á solicitante, do presente acordo así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

D.2) SOLICITUDE DE D^a MARIA JESUS BASANTA LAGE DE SEGREGACION DE FINCA SITA EN VILACHÁ-PORTOCELO.

Dada conta do escrito presentado por D^a María Jesus Basanta Lage con D.N.I. n^o 77.591.687-Z e con domicilio en Vilachá, 43 (27877 Portocelo) no que solicita segregación de parcela sita en Antemil.-Lamas.-Vilacha.-Xove segundo o deseño que se xunta con Ref. catastral:27025A01000330000JQ

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que :

1^o.-La parcela cuya segregación se solicita, de acuerdo con la documentación que se aporta, se encuentran enclavada de acuerdo con el vigente planeamiento urbanístico del Ayuntamiento de Xove , Plan Xeral de Ordenación Municipal,(aprobado definitivamente el 12 de junio de 2012, y publicado en el B.O.P de 14 de julio de 2012), en dos zonas claramente diferenciadas, Suelo Rustico de Protección de Costas, artículo 32.2.e y suelo Rústico de Protección de Espacios Naturales, artículo 32.2.f y Suelo Rustico de Protección Paisajística, Artículo 32.2.g de la LOUG.

2º.-De acuerdo con la documentación aportada, y referida a la actual Normativa en vigor, y por las dimensiones de la parcela, se puede realizar la segregación que se solicita y posterior agrupación al amparo de lo dispuesto en el artículo 206.1 de la LOUG. Se deberá hacer constar el compromiso expreso de no edificar los lotes resultantes, que se encuentran afectados por la normativa de Suelo de especial protección.

Esta condición de inedificabilidad del terreno se deberá hacer constar expresamente en el registro de la propiedad y en todos los actos de transmisión de propiedad.

3º.-De acuerdo con la documentación gráfica correspondiente a los planos del informe presentado, las superficies de las parcelas quedan inalterables una vez realizada la reconfiguración que se pretende.

PARCELA MATRIZ:

- Documentación aportada.....21.898,00m/2.-
- Documentación catastral.....21.932,00m/2.-

PARCELAS UNA VEZ SEGREGADAS:

- Parcela 1.-Cincuenta y cuatro áreas ochenta y cinco centiáreas.(5.485,00m/2).
- Parcela 2.-Una hectárea, treinta y seis áreas y siete centiáreas.(13.667,00m/2).
- Parcela 3.-Veintisiete áreas, cuarenta y seis centiáreas.(2.746,00m/2).

Se informa favorablemente la reconfiguración de lindes que se solicita, en las condiciones establecidas en el presente informe en sus apartados 2 y 3.

Por unanimidad en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licencia de segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado á solicitante, do presente acordo así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

D.3) SOLICITUDE DE D. UBALDO FERNANDEZ LOPEZ DE INFORME TÉCNICO SOBRE O ESTADO EN QUE SE ATOPA A VIVENDA SITA EN PENASAGUDAS, 11 (MONTE).

Dada conta do escrito presentado por D. Ubaldo Fernandez López con D.N.I. nº 33705049K e con domicilio en C/ Acceso Apeadero, 20 2º A (27870 Xove) no que solicita informe técnico sobre o estado en que se atopa a vivenda sita en Penasagudas (Monte) con Ref. Catastral: B00502800PJ13A0001BB

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que :

Solicitud de Informe Técnico Sobre o estado en que se atopa unha vivenda.

Referencia Catastral : B00502800PJ13A0001BB .- Polígono Nº 75.-Parcela 5

Comparecido o técnico que subscribe no lugar arriba referenciado, ubicado no burgo de Penas Agudas, na parroquia de Monte, puido constatar:

1º) *A existencia de restos dunha antiga edificación, composta orixinariamente de planta baixa e unha alta, carecendo na actualidade de dita planta alta.*

Esta edificación, sitúase dentro da área delimitada como Solo Rústico De Protección Agropecuaria, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de julio de 2012.

2º) *Na devandita edificación aprécianse claros indicios de atoparse neste estado de ruína dende hai bastantes anos, e obviamente como deshabitada dende algúns máis.*

3º) *Asimismo de acordo co anteriormente exposto, non se pode pois considerar na actualidade esta edificación como vivenda.*

4º) *Neste inmovible cómprese asemade o previsto no Artigo 201.2 da LOUG, para poderse declarar en ruína:*

-O custo das obras necesarias excede da metade do custo de reposición da edificación ou de nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

-A edificación presenta un esgotamento xeneralizado dos seus elementos estruturais fundamentais.

-As obras de reconstrución, non poden ser autorizadas por encontrarse o edificio en situación de fora de ordenación.

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal en relación ó estado da vivenda, pódese **declarar en ruína** a edificación con referencia catastral: *B00502800PJ13A0001BB*.

2º) Dar traslado ó solicitante, do presente acordo así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VAZQUEZ LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L , con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de unha vaca por importe de 400,00 €.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D. MARÍA NELIDA CASARIEGO ACEVEDO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Nélica Casariego Acebedo con D.N.I. nº 76.556.961-N, con domicilio en Loureiro, 8 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer por importe de 120,00 €.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A SUSO E PALMA S.C.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Suso e Palma, S.C. con D.N.I. nº J27362821 , con domicilio en Ferrol, 1 (27879 Regueira) por morte de unha xata ó nacer, por importe de 120,00 €.

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARIA LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Lourdes Domínguez Bermudez con D.N.I. nº 33.302.107-Q , con domicilio en Cabandela, 34 (27878 Sumoas) por morte de un xato de 9 días por importe de 120,00€

D.8) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ RODRIGUEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Manuel Fernández Rodríguez con D.N.I. nº 33.993.547-F, con domicilio en Vilariño, 5 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

D.9) AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANA BELEN PIGUEIRAS LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Ana Belén Pigueiras López con D.N.I. nº 33.996.334-B , con domicilio en Loureiro, 5 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.10) SOLICITUDE DE C.M.V.M.C “COSTA LAXAMOURA” DE SUBVENCIÓN PARA FEIRA DE GANDO 2014.

Visto a solicitude de D^a Ana Belén Pigueiras como Presidenta da Comunidade de Montes en Man Común de Laxamoura, con CIF: V-27106988 e domicilio a efectos de notificación en Loureiro, 5 (27879 Monte).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2014 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.000 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 412.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.000 € para Feira de Gando San Bartolo 2014.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2014, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.400 €, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2014, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo receptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo

establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.11) ACORDO RELATIVO Á CONCESION BECAS E AXUDAS O ESTUDIO, CORRESPONDENTES O CURSO 2013-2014. (AXUDAS DE TRANSPORTE E COMEDOR)

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe emitido pola Traballadora Social relativo as solicitudes formuladas en relación a becas e axudas ó estudo, nos apartados 5 e 6 da convocatoria, que fan referencia ás axudas para transporte e comedor.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase a aprobación das concesións e denegacións de axudas que se reseñan de seguido, **condicionado o libramento das mesmas a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade**, sen o cal non se poderá efectuar este libramento.

	<i>NOME</i>	<i>TIPO</i>	<i>IMPORTE</i>
1	Sandra Fraga Ben	Transporte	300,00 €
2	Aitor Fernández San Isidro	Transporte	300,00 €
3	Tirso Romero Ben	transporte	300,00 €

D.12) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE J. FRANCISCO GONÇALVES CORREIA PARA SARAI CORTIÑAS MIGUEZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
----------------	--------------------

J. Francisco Gonçalves Correia Rua Tomas Mariño Pardo, 8 2º B 27870 Xove	Saray Cortiñas Miguez Avda. Diputación, 12 2º A 27870 Xove
--	--

- 2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.
3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

D.13) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE LAURA DIAZ RAMOS PARA MAITE REGO REGO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola traballador e pola empresaria, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para a empresaria e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballadora
Laura Díaz Ramos C/ Rosalía de Castro, 26 27880 Burela	Maite Rego Rego Pumariño, 8 27870 Xove

- 2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.
3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

D.14) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE LAGO DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Eva Gloria García Pereira con D.N.I. nº 33998242- X, con domicilio en C/ Camiño Apeadero,35 – 2ºA (27870 Xove) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade , **dende os períodos de 01/08/2013 - 23/8/2013 e 8/01/2014 - 16/6/2014**, iniciada a partir del 01-02-2008, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 27 de decembro de 2007, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.400,00€, e visto que transcorrerón seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A aprobación do libramento do importe de 1.200,00€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.
2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.15) SOLICITUDE DE PRORROGA NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A SPRIL NORTE S.L. PARA JESUS JOSE ALVAREZ COCIÑA.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para o traballador, e visto o informe do Departamento de Emprego no que sinala que según figura no Padrón Municipal de Habitantes do Concello, o *traballador causou baixa no Padrón con data 8/1/2014*, polo que non corresponde a prórroga por incumprir o requisito previo de empadroamento establecido nas Bases Reguladoras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) Denegar a adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2014 e de conformidade coas bases que o regulan , para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
----------------	-----------------	----------------------	-----------------

Spril Norte S.L.	P.E. Río do Pozo, Avda. Gonzalo Navarro, P 1A 15573 Narón (A Coruña)	Jesús José Alvarez Cociña	-
------------------	---	------------------------------	---

3º) A notificación á empresa , os efectos oportunos.

D.16) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A IVÁN GONZÁLEZ MEITIN COMO AUTÓNOMO /AUTOEMPREGO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario autónomo D. Iván González Meitin con D.N.I. nº 34.883727-H con domicilio en Poceiras, 19 (Sumoas) para a súa inclusión como autónomo no Plan de Emprego do ano 2014, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario autónomo seguinte:

<i>Nome</i>	<i>Enderezo</i>	<i>Actividade</i>
Iván González Meitin	Poceiras, 19 (27878 Sumoas)	Venta ambulante de peixe

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación ó autónomo, os efectos oportunos.

D.17) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A Mª PILAR BERMEJO JIMÉNEZ COMO AUTÓNOMO /AUTOEMPREGO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario autónomo Dª. Mª Pilar Bermejo Jiménez, con D.N.I. nº 70932715W, con domicilio en Avda. Diputación, nº 69-4º C (Xove) para a súa inclusión como autónoma no Plan de Emprego do ano 2014, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario autónomo seguinte:

<i>Nome</i>	<i>Enderezo</i>	<i>Actividade</i>
Mª Pilar Bermejo Jiménez	Avda. Diputación, nº 69-4º C (Xove)	Masaxe terapéutico e relaxante

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación á autónoma, os efectos oportunos.

D.18) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A LAURA VALE RODRÍGUEZ COMO AUTÓNOMO /AUTOEMPREGO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola empresaria autónoma Dª. Laura Vale Rodríguez, con D.N.I. nº 33997194C, con domicilio en R/ Tomás Mariño Pardo, nº 1-2º F (Xove) para a súa inclusión como autónoma no Plan de Emprego do ano 2014, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario autónomo seguinte:

<i>Nome</i>	<i>Enderezo</i>	<i>Actividade</i>
Laura Vale Rodríguez	R/ Tomás Mariño Pardo, nº 1-2º F (Xove)	Comercio menor calzado infantil

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación á autónoma, os efectos oportunos.

D.19) SOLICITUDE DE EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A ROBERTO RODRIGUEZ ROSADO COMO AUTÓNOMO/AUTOEMPREGO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario autónomo D. Roberto Rodríguez Rosado con D.N.I. nº 34.880.995-T con domicilio en Ceranzos, 48

(27877 Xuances) para a súa inclusión como Autónomo no Plan de Emprego do ano 2014, e visto o informe do Departamento de Emprego que se sinala que, visto o informe de residencia elaborado polo Servizo de Vixancia Municipal, *a residencia efectiva dende fai como mínimo 6 meses non se atopa no Municipio de Xove*, e polo que por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Denegar a adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario autónomo seguinte:

Nome	Enderezo	Actividade
Roberto Rodríguez Rosado	Ceranzos, 48 (27877 Xuances)	Inxeniería Industrial

2º) A notificación ó autónomo, os efectos oportunos.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

